

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 3 DE XULLO DE 2017 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE “DOUS VEHÍCULOS COMPACTADORES DESTINADOS Á RECOLLIDA DE COLECTORES PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU DO CONCELLO DA ESTRADA”**

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello da Estrada, sendo as 10:15 horas, (aínda que estaba convocada para as 9:30 horas) reúnese a Mesa de contratación para o subministro de “DOUS VEHÍCULOS COMPACTADORES DESTINADOS Á RECOLLIDA E COLECTORES PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU DO CONCELLO DA ESTRADA”.

Asistentes:

- Presidente: José Carlos López Campos, Alcalde do Concello
- Vogal: Juan M. Concenla Carbón, Concelleiro delegado do Rural.
- Vogal: Daniel Hórrea Corral, arquitecto técnico municipal.
- Vogal: Luis Manuel Lozano Lorenzo, Interventor acctal., do Concello
- Vogal: Lucía Artime Alonso, Secretaria do Concello.
- Funcionaria de Secretaría: M<sup>a</sup> Josefa Martínez Barros, que actúa como Secretaria da Mesa.

Tódalas decisións adoptadas pola Mesa o foron por unanimidade.

A Mesa comproba que, dentro do prazo concedido ao efecto, presentáronse ofertas polas seguintes empresas:

DALONGA S.A.,  
ANGAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES  
SVAT S.A.

Procedido polo Sr. Presidente á apertura dos sobres A, de documentación administrativa, de cada un dos licitadores resulta que non se aprecian defectos nas declaracións responsables acreditativas do cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores).

Polo tanto a Mesa, tal e como se anunciou no Perfil do Contratante, decide continuar, en acto público, coa apertura do Sobre B (oferta).

Non asistiu ningún representante das indicadas empresas.

Abertos os sobres B (oferta) de cada unha das empresas, obtense o seguinte resultado:

**DALONGA S.L.,**

- Prezo: 433.305,84 euros (IVE incluído).
- Prazo de garantía: ampliación de 12 meses (a maiores do establecido nos pregos)
- Mantemento integral: ampliación de 12 meses (a maiores do establecido nos pregos).
- Taller móbil: SI ofrece
- Consumo:ensaio VWHTC e de 199.66 g/kWh, y 207.46 g/kWh, segundo ensaio WHSC. (xunta certificados).
- Ruídos: 80 dB (A) “vehículo en movemento” e 85 dB (A) “vehículo parado”.
- Emisión de gases: Euro VI-C (xunta certificado).

**ANGAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES**

- Prezo: 421.080,00 Euros (IVE incluído)
- Prazo de garantía: ampliación de 24 meses ou 450.000 Km. Para cadena cinemática, (a maiores do establecido nos pregos).
- Mantemento integral:0 meses.
- Taller móbil: SI ofrece.
- Consumo: (non ofrece)
- Ruídos:
  - vehículos cumpren coa normativa de ruídos UN-R51.03 nivel 1.
  - Compactadora nivel de ruído 2.5 dB (aportan certificado por empresa homologada)
- Emisión de gases: (non ofrece)

**SVAT S.A.:**

- Prezo: 430.155,00 euros (IVE incluído)
- Prazo de garantía: ampliación de 3 meses (a maiores do establecido nos pregos).
- Mantemento integral: ampliación de 3 meses (a maiores do establecido nos pregos).
- Taller móbil: SI
- Consumo: non presenta.
- Ruídos: 102 Db (aporta certificado de empresa homologada)
- Emisión de gases:

CO	HCT	Nox	NH3	PM	PT
Mg/Kwh	Mg/Kwh	Mg/Kwh	Mg/Kwh	Ppm	Mg/Kwh
8,29	1	24,29	1,15	1,99	1,44 x 10 (8)

Seguidamente a Mesa decide pasar a documentación ao arquitecto técnico municipal para que emita o informe de valoración correspondente. Unha vez realizado a Mesa volverase a reunir en sesión non pública.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, levántase a sesión da Mesa de Contratación sendo as dez horas e cincuenta minutos do día do seu comezo.

A secretaria da Mesa,

O alcalde

(documento asinado electronicamente á marxe)